

|                                                                                                                                                                      |                                    |                                                    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------|----------------------------------------------------|
| <b>Área / Unidad</b><br>JUSTICIA SOCIAL AS0000B<br>FLM                                                                                                               | <b>Documento</b><br>10514I1ATY     |                                                    |
| <b>Código de verificación</b><br><br>0U18 6J6C 0566 4R0T 174C                       | <b>Expediente</b><br>105/2020/3364 |                                                    |
|                                                                                                                                                                      | <b>Fecha</b><br>26-08-2020         |                                                    |
| <b>Asunto</b><br>(Galego) PROPOSTA DE ADENDA AO CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA A CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO SUBSCRITO O 26 DE XUÑO DE 2020 |                                    | <b>Interesado</b><br>CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO |

**PROPOSTA DE ADENDA AO CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA A CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO SUBSCRITO O 26 DE XUÑO DE 2020 PARA O PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES EN SITUACIÓN DE SOLEDAD TRAS A APROBACIÓN DO EXPEDIENTE M2/2020 DO ORZAMENTO MUNICIPAL EN VIGOR PARA A CONCESIÓN DUN SUPLEMENTO DE CRÉDITO**

**REUNIDOS**

Dunha parte, D<sup>a</sup> Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, que actúa en nome e representación do Concello, con CIF P1503000J, de conformidade co que dispoñen os artigos 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, D. José Anuncio Mouriño Raño, maior de idade, en calidade de director de CARITAS DIOCESANA SANTIAGO con CIF R1500053B e domicilio fiscal en Praza de Recife, s/n da Coruña.

As dúas partes recoñécense entre sí a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

**EXPOÑEN**

I. Que o Concello da Coruña e a entidade Cáritas Diocesana de Santiago con CIF R1500053B subscribiron en data 26 de xuño de 2020 un convenio por un importe de cincuenta mil euros (50.000 €), gasto imputable á aplicación 51.231.48050, coa finalidade de contribuír ao financiamento da realización dun programa de atención a persoas maiores en situación de soledad.

II. Que posta de manifesto a necesidade de incrementar o importe do convenio o Pleno na sesión extraordinaria e urxente do 1 de xuño de 2020 aproba o expediente M2/2020 do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2020 para a concesión dun suplemento de crédito de setenta e cinco mil euros (75.000 €), gasto imputable á aplicación 51.231.48050.

III. Que con data 17 de xullo de 2020 a entidade Cáritas Diocesana de Santiago solicita por escrito o incremento do importe do convenio co obxectivo de contribuír á realización dun programa de atención a persoas maiores en situación de soidade.

IV. Que segundo o artigo 49, apartado f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establécese como contido mínimo dos convenios a existencia de: *“mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto dos convenios.”*

Por todo canto antecede, ambas as partes resolven subscribir a presente adenda do convenio subscrito o 26 de xuño de 2020, conforme as seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA

As partes acordan incrementar o importe do convenio subscrito con data 26 de xuño de 2020 en 75.000€ tras a aprobación do expediente M2/2020 do orzamento municipal en vigor para a concesión dun suplemento de crédito. Segundo o artigo 127 de Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local autorizar devandito gasto

### SEGUNDA

As partes acordan incorporar unha nova cláusula CUARTA.BIS a teor do establecido no artigo 49, apartado f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público denominado “COMISIÓN DE SEGUIMIENTO, VIXILANCIA E CONTROL”.

As partes acordan dar á cláusula CUARTA.BIS a seguinte redacción:

*“Regúlase a creación dunha comisión paritaria de seguimento, vixilancia e control do convenio que se rexerá de acordo co establecido a continuación:*

*a) Constituirase unha Comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio entre a entidade Cáritas Diocesana Santiago e o Concello da Coruña que ten como finalidade: o programa de atención ás persoas maiores en situación de soidade, que se desenvolverá durante o exercicio 2020.*

*b) A comisión constituirase no prazo dun mes desde a súa entrada en vigor.*

*c) A composición será paritaria e constará de seis membros: tres representantes da entidade Cáritas Diocesana Santiago e tres representantes do Concello da Coruña.*

*d) O Concello da Coruña terá a seguinte representación:*

- Unha presidencia, que será exercida pola persoa que ostente a Xefatura de Servizo ou persoa en quen delegue*
- Unha secretaría, que será exercida pola persoa que ostente a Xefatura de Departamento ou persoa en quen delegue*
- Un vogal, que será un funcionario de carreira adscrito ao órgano xestor que tramita o procedemento ou persoa en quen delegue.*

*e) As súas funcións serán:*

- o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*
- o resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto do convenio.*
- o mediación nas discrepancias que se poidan producir na interpretación efectuada por cada unha das partes.*
- o aquelas outras funcións que resulten necesarias ou convenientes, con acordo das partes, que tendan a unha maior eficacia do convenio.*

*f) A comisión quedará validamente constituída cando asistan a maioría dos membros de cada unha das partes.*

*g) Os acordos adoptaranse por maioría simple de cada unha das partes.*

*h) A comisión reunirse cando así o solicite a maioría dunha das partes podendo celebrarse por medios electrónicos.*

*i) A comisión de seguimento, vixilancia e control axustarase no seu funcionamento aos artigos 19 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.”*

A presente adenda rexeráse polas condicións establecidas no convenio do que trae causa formando parte integrante do mesmo. Rexeráse así mesmo pola lexislación que serviu de base para a concesión da subvención e demais normativa vixente aplicable por razón da materia aplicándose así mesmo o disposto na cláusula duodécima do convenio.

En proba de conformidade, asínase esta adenda na data da sinatura electrónica

A Alcaldesa

O Director

Inés Rey García

José Anuncio Mouriño Raño